

NOVIEMBRE 2020

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Novembro 2020

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19
VIAXEIROS	1.171.282	-82,5%	53.400	-77,9%
NOITES	2.846.369	-84,5%	132.713	-73,5%
ESTADÍA MEDIA	2,43	-11,3%	2,49	20,0%
% OCUPACIÓN	15,71%	-35,03	11,16%	-19,86
% OCUPACIÓN Fds	15,70%	-42,39	8,85%	-28,39

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Desde o día 21 de xuño, e de acordo ao Real Decreto 555/2020, finaliza o estado de alarma permitíndose a mobilidade da poboación en todo o territorio estatal. Tal situación cambia a partir do 25 de outubro cando se declara novamente o estado de alarma en todo o estado con restricións de mobilidade, confinamento perimetral e peche gradual da actividade na hostalería en diferentes comunidades autónomas e municipios de España, tamén en Galicia.

Neste contexto o INE estima que en novembro abriron en Galicia preto de mil establecementos hoteleiros –dos 1.238 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron un total de 39.620 prazas –das 53.568 de novembro de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 26%, isto é, neste mes ofertáronse tres de cada catro prazas que habitualmente están dispoñibles no mes de novembro –porcentaxe inferior á observada no verán e tamén nos pasados meses de setembro e outubro-. Tal circunstancia mellora en todo caso os datos dos meses de primavera cando nun contexto de desescalada e restricións de aforo e da mobilidade a oferta dispoñible estaba moi por debaixo dos niveis do pasado ano.

Con carácter xeral os resultados son obviamente negativos rexistrándose caídas importantes en todas as variables.

Fixamos a continuación as principais conclusións:

- Comportamento negativo das principais variables de demanda hoteleira de Galicia. Neste mes cae nun 77,9% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 73,5% o volume de noites en relación ao mesmo período do pasado ano. Significa isto que a nosa comunidade conseguiu recuperar neste mes unha de cada catro noites rexistradas en novembro de 2019.
- Este descenso non ten precedentes na serie histórica e leva, por tanto, a rexistrar mínimos de demanda do mes de novembro con algo máis de 53 mil viaxeiros aloxados e preto de 133 mil noites –en novembro de 2019 rexistráranse pouco máis de medio millón-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de pouco máis de 188 mil viaxeiros aloxados e de case 368 mil noites en relación ao mes de novembro de 2019.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado, con fortes caídas da demanda que van do 64% en Extremadura a preto do 90% en Baleares, Andalucía ou Cataluña

–comunidades que presentan os descensos máis acusados-. En comparación co observado en meses anteriores as caídas da demanda a nivel territorial teñen un carácter homoxéneo, isto é, as diferenzas entre as comunidades autónomas son menos acusadas do que se observaba, por exemplo, no verán ou en setembro. Sirva de exemplo que todas as comunidades autónomas perden máis da metade da demanda rexistrada en novembro do pasado ano, e que nove destinos rexistran ademais unha caída superior ao 80% interanual.

- Indo ao detalle os destinos de mellor comportamento en termos relativos localízanse no centro peninsular –son Extremadura e Castela A Mancha-. Despois deles sitúase Galicia coa perda do 73,5% no relativo ao volume de noites.
- A nivel global a caída da demanda no conxunto de España sitúase no 84,5% para o número de noites.
- Canarias –con 768 mil pernoctacións hoteleiras- é o destino que neste mes lidera o mercado turístico hoteleiro a nivel estatal –absorbendo o 27,0% do total de España-. Acontece isto por vez primeira desde o inicio desta crise provocada polo Covid-19 e por cuarta vez neste ano –logo de liderar o ranking estatal no primeiro trimestre deste 2020-. É unha circunstancia habitual que Canarias absorba o maior volume de demanda hoteleira a nivel estatal nos meses de temporada baixa, feito que tamén acontece agora en 2020. Desde marzo ata outubro é Andalucía o destino que lidera o ranking a nivel estatal.
- Logo de Canarias, seguen en orde de importancia neste mes Madrid –con preto de 406 mil pernoctacións-, Andalucía –con algo máis de 321 mil-, Cataluña –con preto de 278 mil- e a C. Valenciana –con 277 mil noites neste caso-. Estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 72% do total da demanda hoteleira de España. A porcentaxe restante repártese no resto do territorio, situándose á cabeza deste segundo grupo Castela e León –con algo máis de 135 mil noites-.
- Galicia ocupa neste mes a sétima posición –por detrás das seis anteriores- representando o 4,7% do total estatal –porcentaxe superior á que habitualmente rexistra a nosa comunidade-.
- En termos de mercado obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado, con importantes descensos dos tres grandes segmentos –con pequenas diferenzas de intensidade-.
- O turismo interno, dos residentes en Galicia, rexistra unha caída do 73% na cifra de viaxeiros aloxados e do 67% no volume de noites hoteleiras, cifras importantes pero inferiores ás presentadas polos dous restantes segmentos, aínda que superiores ás que se rexistraban nos últimos meses deste ano –no verán, por exemplo, a caída situábase por debaixo do 30%-. Este descenso supón unha perda de preto de 125 mil noites en relación ás cifras de novembro do pasado ano, rexistrando en total 62 mil –a cifra máis baixa de cando menos os últimos vinte anos.
- O turismo nacional presenta unha forte caída do 78% na cifra de viaxeiros aloxados –rexistrando máis de 23 mil- e do 77% no volume de noites –con máis de 51 mil neste caso-. En termos absolutos o descenso supón a perda de máis de 174 mil noites en relación ao dato de novembro do pasado ano, acadando con isto o nivel máis baixo da serie histórica. Con isto deixa de ser o segmento máis importante representando o 39% do total da demanda neste penúltimo mes do ano.
- O turismo internacional participa igualmente da dinámica negativa na liña do que se viña observando nestes últimos meses. Rexistra unha caída global do 78% no volume de noites

hoteleiras como consecuencia dun descenso parello da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 88% neste caso. Con isto o mercado internacional rexistra pouco máis de 19 mil noites nos establecementos hoteleiros de Galicia –en novembro do pasado ano este segmento achegábase ás 88 mil noites-.

- Tal como se vén observando nos últimos meses, neste contexto negativo cambia lixeiramente a estrutura do mercado turístico gañando peso o turismo de proximidade, o interno neste caso – mellora en algo máis de nove puntos o seu peso absorbendo o 47% do total, converténdose así no segmento de maior importancia- e perdendo representatividade o turismo receptor tanto nacional –a demanda que procede do conxunto do Estado perde máis de seis puntos- como o internacional –que baixa en tres puntos a súa cuota de mercado ficando por debaixo do 15%-.
- A nivel territorial o comportamento é tamén negativo, con fortes descensos tanto da cifra de viaxeiros aloxados coma do volume de noites nas catro provincias galegas. As caídas da demanda son moi parellas e sitúanse no 71% en A Coruña, no 76% en Lugo, no 74% en Ourense e no 75% en Pontevedra –porcentaxes referidas ás pernoctacións-. En termos comparativos é A Coruña a provincia que presenta os descensos menos acusados, a diferenza do que se viña observando nos últimos meses, se ben as distancias non son moi destacadas e case se pode falar de comportamento negativo homoxéneo e xeneralizado a nivel territorial.
- Con algo máis de 62 mil noites A Coruña é neste mes a provincia que presenta maior nivel de demanda –representa o 47% do total de Galicia-. Seguen en orde de importancia Pontevedra –co 30% e preto de 40 mil noites-, Lugo –co 12,3% e algo máis de 16 mil noites- e Ourense – provincia que neste mes se sitúa en último lugar co 11,0% do total e preto de 15 mil noites-.
- Neste contexto de caídas a estadía nos hoteis e pensións de Galicia sobe de forma notable –un 20,0% en particular- situándose en 2,5 noites de media. Contrasta este incremento coa leve caída rexistrada no pasado ano e dalgunha maneira coa tendencia de variacións leves dos últimos anos. Desta maneira, o forte crecemento deste ano sitúa o nivel en máximo da serie histórica con 2,5 noites –cifra atípica nun contexto tamén atípico-.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media-alta no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 5,4 noites de media, mentres que Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con 1,8 noites neste caso.
- O forte descenso do nivel de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible –tal como se comentou anteriormente o volume de prazas ofertadas descendeu un 26% en relación ao dato do pasado ano-. Con todo esta caída é inferior á rexistrada do lado da demanda, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación, de 20 puntos porcentuais, para situarse no 11,2% de media para este mes –en novembro de 2019, cun volume de oferta superior, rexistrouse unha ocupación media do 31,0%-.
- O descenso do nivel de ocupación atinxe a todas as comunidades autónomas, con diversa intensidade. Castela A Mancha, xunto con Estremadura e Galicia, marcan por unha banda a caída menos acusada, inferior aos 20 puntos porcentuais, mentres que no lado contrario os descensos máis notorios sitúanse en Madrid e Canarias –cunha perda superior aos 40 puntos neste caso-.
- Desta maneira o ranking varía levemente en relación ao pasado ano. Neste mes é Canarias o destino que rexistra o nivel de ocupación máis alto de toda España, cun 24,2% de media. Moi próximo sitúase Madrid –cun promedio do 20,2%-.
- No lado contrario é Asturias o destino que marca o nivel de ocupación máis baixo, cun 8,0% de media no mes.

- Neste contexto Galicia mantén a súa posición no grupo de comunidades coas cifras máis baixas, superando neste mes as cifras de Cantabria, A Rioxa e Asturias.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes, un 18,2% en particular, para situarse en 44,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada. Caen as tarifas por quinta vez consecutiva neste ano se ben o descenso de novembro é notorio en relación ao observado no verán –en realidade é o máis elevado deste 2020-. En termos interanuais a caída non ten precedentes en termos de intensidade se ben xa se producira no bienio 2012-13 e en novembro de 2016 –sempre con porcentaxes máis baixas-.
- Isto leva a que a cifra deste ano se sitúe por vez primeira por debaixo dos 45 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Os prezos hoteleiros descenden de forma xeneralizada nas diferentes comunidades autónomas coa excepción de Canarias –único destino que consegue manter a cifra do pasado ano-. As caídas son relativamente suaves en Baleares –onde as tarifas medias caen un 7,2%- e moi acusadas en Madrid –destino que presenta un descenso superior ao 40% interanual-.
- Con todos as tarifas medias varían sensiblemente dunha comunidade a outra, rexistrando as cifras máis elevadas Canarias –con 103,7 euros de ingreso medio por habitación ocupada- e Baleares – con pouco máis de 75 euros-, e no lado contrario os niveis máis baixos en Castela e León e Galicia –con pouco máis de 44 euros- e Asturias –con 43 euros neste caso-.
- A caída do nivel de demanda e ocupación, engadido ao descenso dos prezos hoteleiros, leva neste mes a un notable empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira no conxunto da comunidade. O RevPAR hoteleiro cae un 68,1 situándose en 6,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 31,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de novembro. No lado contrario Asturias marca o valor máis baixo, con 5,0 euros neste caso –único destino coa cifra máis pequena que Galicia-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento negativo a nivel das comunidades autónomas con caídas xeneralizadas do RevPAR hoteleiro que van do 59% en Aragón –destino de mellor comportamento en termos relativos- ao 82% en Cataluña.
- En termos absolutos, os establecementos hoteleiros de Galicia rexistraron neste mes de novembro uns ingresos totais de pouco máis de 4,8 millóns de euros, cifra inferior á do mesmo período do pasado ano –cae en realidade nun 73%-, marcando desta maneira o nivel máis baixo de cando menos esta década. A perda achégase aos 12,8 millóns de euros en relación ao pasado ano.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Novembro 2011-20




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Novembro 2020




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Novembro 2020




Fig. 4. Evolución da estadía media. Novembro 2011-20




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Novembro 2011-20




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Novembro 2011-20

